

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 24 DE MARZO DE 2021.

Ás dez horas e trinta e sete minutos do día vinte e catro de marzo de dous mil vinte e un, a través da plataforma Councilbox, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

### **Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup> MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D<sup>a</sup> MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA  
D<sup>a</sup>. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

### **Polo Grupo Político Popular:**

D<sup>a</sup>. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ALFONSO RICO VEREA  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

### **Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

### **Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión:

D<sup>a</sup>. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ (do grupo político PSdeG-PSOE)  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA (do grupo político do BNG)

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

**ASUNTO ÚNICO.- PROPOSTA SOBRE CONFORMIDADE AO PROXECTO “REDE VIRTUAL XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS” E Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN POR PARTE DO CONCELLO DA CORUÑA.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo, de data dezaioito de marzo de dous mil vinte e un, que transcrita literalmente di:

**“PROPOSTA DE ACORDO QUE SE ELEVA AO PLENO MUNICIPAL**

**ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN PARA PRESTAR CONFORMIDADE AO PROXECTO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “Rede Virtual de xacementos arqueolóxicos ”**

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o R.D.L. 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, Juan Carlos Iglesias Lovelle, concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo presenta, somete a aprobación do Pleno a seguinte proposta.

**PROPOSTA DE APROBACIÓN PARA PRESTAR CONFORMIDADE AO PROXECTO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “Rede Virtual de xacementos arqueolóxicos ”**

**ANTECEDENTES**

A Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia publicou o 02.02.2021 a Orde do 31 de decembro do 2020 na que establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (D.O.G n.º 21 do 02/02/2021).

Con data 1 de marzo de 2021 aprobouse polo Pleno da corporación, en sesión extraordinaria urxente, a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Culleredo e o Concello da Coruña, aos efectos de establecer fórmulas de cooperación e colaboración mutuas que permitan promover conxuntamente a posta en marcha deste programa mixto de emprego e formación denominado Obradoiro de emprego “**Rede Virtual de xacementos arqueolóxicos**”, o dito convenio asinouse por ambas partes o mesmo día.

Visto o requirimento da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 10 de marzo de 2021, código documento (UFE15I005X), remitido ao Concello da Coruña como ente promotor do Obradoiro de emprego “**Rede Virtual de xacementos arqueolóxicos**”, no que se require do concello de Culleredo que achegue certificación que recolla o acordo de aprobación do proxecto e solicitude de subvención.

Visto o proxecto “Rede Virtual de xacementos arqueolóxicos”, elaborado polo Concello da Coruña, código de documento (URP15E05C0).

**PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

1º.- Prestar conformidade ao proxecto “Rede Virtual de xacementos arqueolóxicos” e a solicitude de subvención formulada polo concello da Coruña para o Obradoiro de Emprego denominado “**Rede Virtual de xacementos**”

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

*arqueolóxicos*”, co fin de levar a cabo formación e práctica profesional de 16 persoas mozas (12 alumnos/as do concello da Coruña e 4 alumnos/as do concello de Culleredo), maiores de dezaioito anos inscritas e en situación de beneficiarias do ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil nas especialidades formativas de Producción fotográfica (IMSTO109) e Dinamización, programación e desenvolvemento de actividades culturais (SSCB0110) cunha duración de 12 meses e data prevista de inicio 15/06/2021.

2º.- Remitir certificación do presente acordo ao Concello da Coruña.”

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que na sesión plenaria celebrada en data un de marzo de dous mil vinte e un aprobouse a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e o Concello de Culleredo aos efectos de establecer fórmulas de cooperación e colaboración mutuas que permitiran promover conxuntamente a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación denominado obradoiro de emprego “Rede virtual de xacementos arqueolóxicos”; que o dito convenio asinou se por ambas partes e posteriormente recibíuse un requerimento da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 10 de marzo de 2021, concedéndolle ao Concello de Culleredo un prazo que remata no presente día para presentar a certificación que recolla o acordo de aprobación do proxecto e solicitude de subvención; que o Concello de Culleredo non pode aprobar o proxecto doutro concello pero si, que é o que se somete a aprobación do pleno, prestar conformidade ao mesmo e á solicitude de subvención formulada polo Concello da Coruña polo que se propón ao pleno da Corporación a adopción dos acordos que se recollen como puntos 1º e 2º da proposta, que procede a ler.

C.I.F. P-1503100-H

*(neste intre desconéctanse da sesión os señores concelleiros don Alfonso Rico Vereá e don Eduardo Mourelle Botana).*

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que sorprende é que haxa un pleno o día 24 e outro o día 25, polo que considera que procede unha explicación dos motivos destas dúas convocatorias; que o proxecto para o que se pide ao pleno que preste a súa conformidade é un proxecto sobre “Rede virtual de xacementos arqueolóxicos” e que o seu grupo, na sesión plenaria celebrada o un de marzo, cando se someteu a aprobación un convenio de colaboración co Concello da Coruña e a presentación conxunta a un proxecto de escolas taller porque se supoñía que eran proxectos polos que se compartía un interese recíproco e conxunto, o seu grupo xa dixo que o título lles gustaba moito e que facía pensar en xacementos arqueolóxicos dentro do Concello de Culleredo, porque hai que lembrar que no municipio de Culleredo hai varios castros, hai a Torre de Celas, a Ponte do Burgo, a Ponte da Xira, preto do camiño de Santiago, varios castros, como o castro de Orro, sobre o que xa algunha vez se falou dun proxecto de museización ou similar, ou o castro de Alvedro, en pleno camiño de Santiago, e xa daquela se preguntou, cando se levou ao pleno do un de marzo o convenio para lograr proxectos conxuntos, onde estaba o convenio en contrapartida de Culleredo, e non só iso, senón que preguntaron tamén pola posibilidade de ver o proxecto que presentaba o Concello da Coruña para ver o interese e o ámbito no que tocaba a Culleredo e se efectivamente se ían catalogar xacementos arqueolóxicos do Concello de Culleredo, e o equipo de goberno só dixo que das dezaséis prazas da escola taller, catro serían para Culleredo; que o que sucede non é só que non viñera o proxecto á sesión do día un de marzo senón que agora tampouco se presenta e se daquela se asinaba un convenio “a cegas” porque non se dispoñía do proxecto contrapartida de Culleredo nin se coñecía o proxecto da Coruña para avalialo, agora si se presenta entre a documentación posta a disposición para esta sesión o proxecto do Concello da Coruña pero non o do Concello de Culleredo polo que segue sen saberse o que xa se publicitou na páxina web e se enviou á prensa e se dixo no pleno do un de marzo relativo a que o equipo de goberno coñecía o valor exacto que son catrocenos e pico mil euros e que o proxecto de Culleredo ía consistir nunha escola-taller para rehabilitar a casa de peóns camineiros da AC-213 en Acea de Ama, para convertila nun centro de interpretación do Camiño de Santiago; que a día de hoxe, no segundo pleno que trata do mesmo, seguen sen achegar o proxecto do que se vai facer aí para poder avalialo e

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

poder votar con coñecemento do que se vai votar pero non é así, outra vez se vota a cegas para refrendar que Culleredo se presenta coa Coruña para un proxecto que se presenta de alí; que o seu grupo non entende isto porque o proxecto do Concello da Coruña soamente pretende catalogar bens arqueolóxicos da Coruña, e di que conta na sesión coa relación, entre os que está o Castro de Elviña, ex-convento de San Francisco, primeira zona do conxunto histórico da Torre de Hércules, segunda zona do conxunto histórico Cidade Vella-Pescadería, muralla da Coruña, viaxe de Visma, petroglifos de Punta Herminia e xacemento romano de Eiris, ningún deles está en Culleredo e, como xa dixo antes, en Culleredo hai tamén bens arqueolóxicos para catalogar e, dado que o proxecto é conxunto, non se entende que se catalogue e se vaia facer este tipo de accións, moi interesantes, como dixitalización en 3D a través de fotogrametría de bens de patrimonio cultural do Concello da Coruña para despois realizar proxectos deseñando, valorando, integrando con solucións de escenografía, iluminación, captación, conservación de réplicas dixitais, que ten moi bo aspecto pero o problema é que todo isto non se vai facer sobre ningún ben de Culleredo e só sobre bens da Coruña.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o que vén de dicir é sobre o proxecto do Concello da Coruña e que, no convenio que se aprobou no pleno do un de marzo recollíase que Coruña tiña un proxecto e Culleredo outro e o proxecto de rehabilitar a casa de peóns camineiros para facer un Centro de interpretación do Camiño tampouco a día de hoxe se coñece en que consiste exactamente e o propio alcalde, no pleno do 1 de marzo, en réplica á intervención do grupo político do BNG, dixo que tal como indicou o Sr. Chouciño Garrido ao equipo de goberno, podería ter especificado un pouquiño máis este acordo pero dada a urxencia e dado que o que había que levar ao pleno era só a aprobación do convenio levouse así e que o proxecto de Culleredo era esa rehabilitación da casa de peóns camineiros na AC-211, na avenida da Coruña para facer alí un centro de interpretación do Camiño inglés, e que achegarían toda a documentación da escola taller; di o Sr. Chouciño Garrido que na súa anterior intervención equivocouse de estrada ao mencionar a AC-213 e que o que vén de dicir é o que dixo o Sr. alcalde no pleno do 1 de marzo e que agora, case un mes máis tarde, segue sen saberse cal é o proxecto que está tramitando Culleredo e non entenden por que, polo que solicitan unha explicación; que, por se isto fora pouco, díxose que o prazo remataba o 2 de marzo e ao seu grupo lle entra a dúbida se, ao igual que en Culleredo, o órgano competente para aprobar o convenio de contrapartida por parte do Concello da Coruña será o Pleno porque alí o pleno non o aprobou, preguntando se será outro o órgano competente e solicita aclaración sobre isto; que ten outra dúbida e, no caso de que o Concello da Coruña teña efectivamente aprobado o convenio de contrapartida, se o goberno municipal de Culleredo presentou en prazo o proxecto que se descoñece de rehabilitación da casa de peóns camineiros para convertila nun centro de interpretación do camiño de Santiago, porque tampouco se contou nada de todo isto e hoxe o que se trae ao pleno é prestar conformidade ao proxecto do Concello da Coruña.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, di que o que hoxe se trae ao pleno é prestar conformidade ao proxecto de "Rede virtual de xacementos arqueolóxicos" da cidade da Coruña.

Segue a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que o dito proxecto é un proxecto que a cidade da Coruña podería presentar perfectamente en solitario, e que o Concello de Culleredo podería presentar perfectamente en solitario o proxecto de rehabilitación da caseta de peóns camineiros da AC-211; que é un requisito esencial (*neste momento conéctase á sesión o concelleiro Sr. Mourelle Botana*) levar a pleno esta proposta de conformidade ao proxecto da cidade da Coruña e loxicamente o proxecto desta cidade baséase nos xacementos arqueolóxicos do seu Concello porque Culleredo pretende ir conxuntamente con el a través do convenio que se asinou de cooperación entre os alumnos que poden ir á escola taller de Culleredo e á escola taller da cidade da Coruña e o único requisito é ese; que cada proxecto baséase en actuacións dentro do seu respectivo concello e o da Coruña será para xacementos arqueolóxicos no Concello da Coruña e en dito proxecto traballarán veciños e veciñas do Concello de Culleredo; que o equipo de goberno trouxo ao pleno o que era necesario traer e ofrece ao Sr. Chouciño a posibilidade de ver o proxecto do Concello de Culleredo para poder analízalo e facer todas as consideracións que

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

considere oportunas; que na anterior sesión plenaria xa lle dixo que non contaban co proxecto porque o Concello da Coruña naquel momento aínda non quería desvelar cal era e presentouno con posterioridade, sendo necesario celebrar hoxe esta sesión plenaria porque é o día no que remata o prazo, sendo unha mágoa que non se puidera levar ao pleno ordinario; que o proxecto está presentado en prazo e, respecto das dúbidas sobre encomendas de xestión dun concello no outro ou sobre órgano competente di que no Concello de Culleredo é o pleno, tal como indicou a Secretaría xeral, que é a que establece que para unha maior garantía xurídica ten que ser así, e engade que o Concello da Coruña podería ser que o fixera por resolución e unha aprobación posterior ou que, ao tratarse dunha grande cidade, tivera a competencia a propia Xunta de Goberno, constándolle que a cidade da Coruña fixo todo o necesario, seguindo as recomendacións dos técnicos e habilitados, para levar a cabo esta encomenda; *(neste momento desconéctase da sesión o Sr. Mourelle Botana)* que todo o que engade o Sr. Chouciño non ten nada que ver co que é a orde do día desta sesión que é a aprobación do proxecto de rede de xacementos arqueolóxicos do Concello da Coruña e recorda que, como xa dixo, a motivación que existe é que indo en consonancia con outro concello se logran unha serie de puntos para a escola taller e aos obradoiros de emprego porque doutro xeito é moi complicado acceder aos mesmos, non sabendo aínda se a pesar disto se van conseguir ou non.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que o seu compañeiro e voceiro do grupo, o Sr. Mourelle Botana, ten problemas coa conexión e non sabe se é o programa o que o expulsa da sesión; que hai un momento lle dixo que estaba fóra, despois veu que se conectaba de novo pero no momento no que fala ve que volve a estar fora do pleno polo que cuestiona se o acto será válido ou non á vista destes problemas; que o Sr. Mourelle non puido escoitar a intervención do Sr. Chouciño Garrido nin a resposta que a esa intervención lle deu o Sr. alcalde tampouco.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu compañeiro Alfonso Rico Verea lle dixo que el tivera que abandonar tamén á sesión porque tiña moitos problemas de conexión; que pensou que era debido ás obras que se están a realizar diante da nave na que se atopa pero agora pensa se terá o mesmo problema que o Sr. Mourelle Botana e se o problema será do programa.

A continuación o Sr. alcalde-presidente di que se realizará un pequeno receso na sesión para intentar solucionar estes problemas e lle pide opinión á señora Secretaria sobre esta posibilidade.

Intervén a señora secretaria xeral e di que desde o departamento de Informática están intentando contactar co Sr. Mourelle Botana para saber cal é o problema porque pensan que se trata dun fallo na cobertura e non no programa que se está a utilizar.

Ás dez horas e cincuenta e seis minutos faise un receso na sesión.

Reanúdase á sesión ás dez horas e cincuenta e sete minutos coa asistencia dos sres/as concelleiros/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García e a asistencia da señora secretaria municipal, dona Pilar María Pastor Novo, e da señora interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro.

A continuación o Sr. alcalde-presidente lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido se podería repetir a súa intervención por mor de que o Sr. Mourelle poida participar no debate e na votación.

Seguidamente o Sr. Chouciño Garrido intervén e di que, como xa dixo antes, o Sr. alcalde di que a documentación que se facilitou aos membros da Corporación é sobre o que hoxe vén ao pleno e di que o que hoxe se somete a

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

debate e votación é dar conformidade a un proxecto do Concello da Coruña e que, como todos saben, e o primeiro o Sr. alcalde, presentarse de forma conxunta a unhas subvencións da Xunta para unhas escolas-taller suporá o 50% dun acordo no que a contrapartida será un proxecto para Culleredo e o lóxico é que, para formar a opinión e ver se se quere apoiar ao Concello da Coruña para que o seu proxecto saia adiante, se saiba en que consiste o proxecto que hai para Culleredo porque xa se sabe que o da Coruña non reviste interese para Culleredo e as bases da Xunta están elaboradas primando proxectos que inclúan máis dun Concello ou que trascendan das fronteiras municipais precisamente para que sexan proxectos que vaian máis aló dos límites dun Concello e no proxecto que se está avaliando na sesión que é referida á rede virtual de xacementos arqueolóxicos está moi claro e non será por xacementos arqueolóxicos entre os dous concellos, e máis concellos que se poderían sumar; que o espírito desa liña de subvencións vai por esa vía e non pola vía de que un concello chame a outro de comparsa para que o seu proxecto saia adiante polo que non entenden que haxa que votar porque cando saian e a xente pola rúa lle pregunte o que votaron terán que dicir que votaron un proxecto do Concello da Coruña e cando lle pregunten que ten de bo para Culleredo non saberán que dicir e só poderán dicir que o Sr alcalde lles dixo que tamén había un proxecto moi bo para Culleredo do que só viron o seu título, a publicidade, a cifra exacta do proxecto e un esbozo do proxecto na web dunha empresa; que o Sr. alcalde lle dixo que se o quere ver se lle dá e pregunta entón por que non o pode ver todo Culleredo e en que consiste porque en Culleredo tamén hai xente que sabe do camiño de Santiago e de museos e que lle interesa a información que poida haber no proxecto, non podendo darse por suposto que a ningúen lle interesa; que o día un de marzo aprobouse un convenio sen que puideran ver o proxecto que daba pé ao dito convenio e que non é que non o viran os membros da oposición senón que os membros do equipo de goberno tampouco o viran, e visto agora vese que non cataloga para nada xacementos arqueolóxicos do Concello de Culleredo e so do Concello da Coruña, parecendo que a Sra. Inés Rey lle tomou o pelo ao Sr. alcalde e agora quere implicar a toda a Corporación nesa tomada de pelo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que non vai entrar no lamentable do discurso do Sr. Chouciño Garrido porque deixa moito que desexar e que vai proceder á votación.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde a intervención da Sra. Pombo Carril el non tivo acceso á sesión e non escoitou nin a intervención do Sr. Chouciño nin a resposta do Sr. alcalde á dita intervención, conseguindo entrar na réplica do Sr. Chouciño Garrido.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e invita ao Sr. Chouciño a repetir de novo a súa intervención.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido, facendo uso da palabra concedida, lle di ao Sr. Mourelle Botana se coa réplica poderá facerse unha idea para non repetirse e lle pregunta se quere que repita de novo a súa intervención inicial porque a réplica supuxo máis ou menos un resumo dela ou se poderá facerse unha idea da mesma; que o que el dixo foi que o seu grupo non entende que se teña que votar un proxecto que descoñecían cando se acordou asinar o convenio co Concello da Coruña no pleno de data un de marzo e que na documentación á que se lles deu acceso non figurara o proxecto de Culleredo que é a contrapartida a ir coa Coruña conxuntamente a unhas subvencións da Xunta para realizar as escolas-taller; que o seu grupo entende que unha cousa sen a outra está incompleta e consideran que non teñen todos os elementos para facer unha idea do que están votando; que na súa primeira intervención dixo que o Sr. alcalde, no pleno do un de marzo, comprometeuse a poñer a disposición de toda a Corporación o proxecto de Culleredo alegando que naquel momento non o puidera ofrecer polas présas e di que lle parece rizar moito o rizo dicir agora respecto do proxecto da Coruña que non o tiñan porque o Concello da Coruña non tiña présa por ensinalo e iso a pesar de que xa o tiñan en febreiro porque así consta no pé de sinatura polo que parece que a xente que votou a favor o día un de marzo votou sen ver o proxecto porque según dixo o Sr. alcalde non tiñan nada para ensinar, véndose agora como os bens patrimoniais que se queren catalogar, a rede virtual de xacementos arqueolóxicos van unicamente da Coruña, pensando o grupo político do BNG que isto pode poñer en

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I01DZ</b>	<b>USG/2021/51</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
340L 0271 2J0S 6J2Q 0BCY	

perigo a promoción conxunta deses proxectos porque cren que o espírito das bases das subvencións da Xunta o que pretenden poñer en valor é a colaboración entre Concellos para facer proxectos que trascendan do ámbito dun Concello e non para que un vaia de comparsa do outro; di que en resumo esa foi a súa intervención inicial pero se se necesita máis aclaración pode dala sen problema.

A continuación o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e lle di ao Sr. Chouciño Garrido que el xa fixo a súa exposición e que a quen lle corresponde a moderación é a Presidencia, preguntándolle de seguido ao Sr. Mourelle Botana se lle quedou claro o resumo que da súa exposición inicial fixo o Sr. Chouciño Garrido.

A continuación o Sr. Mourelle Botana di que máis ou menos si lle quedou claro pero que non sabe por que noutras sesións non houbo problemas e a día de hoxe non puido asistir a esta sesión polo que pregunta unha vez máis se é tan necesario realizar as sesións por este medio.

De seguido o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di que os concelleiros e as concelleiras poden estar no lugar que consideren oportuno pero que se teñen problemas de conexión todos os grupos municipais teñen unha instalación no Concello no que poden estar, engadindo que a situación de pandemia que se está a vivir concretamente en Culleredo non é das máis óptimas pois hai un risco grave.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo, de data 18 de marzo de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu e Prieto García.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: seis (6) dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana, Marzoa García e Rico Vereá (este último en virtude do disposto no artigo 100.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo de data 18 de marzo de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e nove minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H